

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I261	<i>Expediente</i> CON/23/2016	<i>Fecha</i> 02-12-16 13:25

Número 18 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato de "Actuación de control arqueolóxico e traballos de limpeza, desbroce de vexetación e consolidacións no Castelo de A Rocha Forte - Santiago de Compostela".

*Destinatario*



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 02 de decembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 18 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "ACTUACIÓN DE CONTROL ARQUEOLÓXICO E TRABALLOS DE LIMPEZA, DESBROCE DE VEXETACIÓN E CONSOLIDACIÓN NO CASTELO DE A ROCHA FORTE - SANTIAGO DE COMPOSTELA".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 22 de novembro de 2016, do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, nº 778/2016 de data 29.11.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

**"Jorge Duarte Vázquez, concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, e presidente da mesa de contratación da licitación "Actuación de control arqueolóxico e traballos de limpeza, desbroce de vexetación e consolidacións no Castelo de A Rocha Forte - Santiago de Compostela", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015.**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I261	<i>Expediente</i> CON/23/2016	<i>Fecha</i> 02-12-16 13:25

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 3 de novembro de 2016 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador BIC MATERIALES Y CONSERVACION SL.

Segundo: Con data 22 e novembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **BIC MATERIALES Y CONSERVACION SL** (CIF: B36355584), por un importe de **12.900 euros** (IVE aparte 21%: 2.709,00 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a Dna. Dolores Cerqueiro Landín, arqueóloga municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 21000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 7.804,5 euros.

Anualidade 2017: 7.804,5 euros."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Adxudicar o contrato de "Actuación de control arqueolóxico e traballos de limpeza, desbroce de vexetación e consolidacións no Castelo de A Rocha Forte - Santiago de Compostela", a favor da empresa **BIC MATERIALES Y CONSERVACION SL** (CIF: B36355584), por un importe de **12.900 euros**, (IVE aparte 21%: 2.709,00 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I261	<i>Expediente</i> CON/23/2016	<i>Fecha</i> 02-12-16 13:25

Designase como responsable do contrato a Dna. Dolores Cerqueiro Landín, arqueóloga municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 33600 21000**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 7.804,5 euros.

Anualidade 2017: 7.804,5 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

